



INSCRIPCIÓN GRATUITA EN:



**CONCELLO
DE ZAS**

Oficina da Técnica Local de Emprego
Telf.: 981 70 83 03
e-mail: concello@concellodezas.org

Prazo de inscrición: Ata o 31 de outubro

Lugar de celebración: Aulas de Informática de Baio e Zas

ORGANIZA:



**CONCELLO
DE ZAS**



**Deputación
DA CORUÑA**

**CICLO DE TALLERES
EXPERIENCIAIS,
INNOVACIÓN E EMPREGO**

**Actívate
e Dalle Acción!**

O Concello de Zas organiza unha serie de talleres para axudarche a buscar emprego

¿Buscas emprego? ¿Queres mellorar as túas posibilidades de encontralo? Si é así, **PARTICIPA** nos nosos talleres e poderás acceder aos recursos empregados na sesión e consultar as dúbidas que te xurdan, a través do Aula Virtual.

¿Qué che ofrecemos?

- ▶ **Coñecerte mellor** para fixar o teu obxectivo profesional.
- ▶ **Orientarte** na busca de emprego.
- ▶ **Traballaremos a "Marca persoal"** ¿Sabes qué é iso? No mercado laboral actual, hai que diferenciarse, o curriculum ten que chamar a atención de quen o recibe para que se interese por vós e os de a posibilidade de chegar á entrevista ou probas de selección.
- ▶ **¿Coñeces as redes sociais?** ¿As utilizas para encontrar emprego? ¿Coñeces cómo é a túa presenza nas redes neste momento? ¿Tes Facebook? ¿Qué subes ao teu perfil?. As redes sociais son cada día máis utilizadas polos recrutadores de persoal e é importante saber usalas.
- ▶ **Fixeches algunha vez unha entrevista persoal, unha dinámica grupal, unhas probas psicotécnicas, ...?** Darémosche as pautas e faremos simulacros para perder o medo e entrenarnos.
- ▶ **É importante si estás a buscar emprego, que coñezas a posibilidade do autoemprego**, que non o descartes de entrada, si o coñeces, pode ser que che interese. Veremos dunha forma áxil, sinxela e participativa, ao redor do lenzo Canvas o desenvolvemento dun modelo de negocio. Veremos ideas de negocio low-cost, innovadoras e creativas.

Recomendámosche facer o itinerario completo, pois vai a proporcionarche os coñecementos, habilidades e competencias necesarias para buscar emprego en mellores condicións.

Pero existe a posibilidade de apuntarte ao taller que máis che interese.

Desde o primeiro día ata quince días despois de rematados os talleres, dispoñeredes dunha **AULA VIRTUAL** onde estarán aloxados todos os contidos do curso e donde podedes interactuar co profesorado, fora das horas lectivas presenciais, para consultar as dúbidas que os xurdan.



OBRADOIROS DE BUSCA DE EMPREGO

Taller 1: Autoconhecimento e Activación. 2 de novembro

Taller 2: ¿Cal é o meu obxectivo laboral? 3 de novembro

Taller 3: Técnicas de busca de Emprego. 14, 15 e 16 de novembro

Taller 4: Identidade Dixital e Marca Persoal: Empregabilidade máis aló do CV. 21, 22, 23 e 24 de novembro

Taller 5: Obradoiro de simulación de entrevistas de traballo. 28 e 29 de novembro

Taller 6: Quero emprender, ¿por dónde empezo? 30 de novembro e 1 de decembro

Horario: de 9:30 h. a 13:30 h.

CURSO DE INFORMÁTICA PARA REALIZAR XESTIÓNS VIRTUAIS E TRAMITACIÓN ON-LINE

Nº de horas: 20 horas

Data: mes de novembro

Horario: a determinar en función das persoas inscritas.

O obxectivo deste curso é adquirir os coñecementos e destrezas necesarios para realizar trámites cotiás coas administracións, propios de particulares e empresas, de forma segura a través de internet, usando o **DNI electrónico**, **certificado dixital**, e o **sistema cl@ve**.

Poderás aprender a realizar trámites sinxelos coa Xunta de Galicia, Deputación, Concello, Seguridade Social, SERGAS, ... a través de Internet.

